

O CONCELLO DE PORTO DO SON VAI DESENVOLVER NO MES DE MAIO UNHA NOVA ACCIÓN FORMATIVA NO ÁMBITO DO COOPERATIVISMO.

Esta acción formativa, gratuíta e de 20 horas de duración, é puntuable para o baremo de marisqueo a pé (PERMEX).

O Concello de Porto do Son, como entidade adherida á Rede Eusumo, e a unión de cooperativas Espazocoop, poñen en marcha unha acción formativa no ámbito do cooperativismo que terá lugar os días 22, 23, 24 e 25 de maio en horario de 09.30h a 14.30h.

Baixo o título de “Dinamización do cooperativismo nun sector con potencial”, as persoas participantes traballarán aspectos como:

- Detectar e priorizar sectores con potencialidade para o desenvolvemento cooperativo no ámbito comarcal e rexional obxecto da intervención.
- Coñecer a realidade específica do sector elixido no devandito ámbito territorial.
- Procurar modelos alternativos para a dinamización do sector.
- Divulgar e acadar o emprego da fórmula cooperativa como medio para potenciar e consolidar o seu desenvolvemento a medio prazo.
- Etc.

Esta acción formativa, está dirixida a persoas con inquiredanzas e interese no traballo cooperativo, emprendedores e público interesado en xeral. Ademais, esta actividade está incluída no catálogo de formación puntuable para obter os PERMEX de marisqueo a pé (0,40 puntos).

As persoas interesadas deben facer a súa inscrición presencialmente no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar).

Porto do Son, 30 de abril de 2018.